

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 28 de ABRIL de 2014, **a continuación do Pleno extraordinario convocado para as nove horas**, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

- 1.- Actas anteriores:** (Acta ordinaria do 24.02.2014 e extraordinaria do 21.03.2014).
- 2.- Declaracións institucionais.**
- 3.- Ditames das comisións informativas:**

ECONOMÍA, FACENDA E EDUCACIÓN

- 3.1.- Dar conta do Estado de Execución de gastos e ingresos do Orzamento, correspondente ao 1º trimestre do 2014. Expte. 102340/140 (869/1101).
- 3.2.- Aprobación de corrección de erros materiais e aritméticos, na modificación de créditos orzamentarios, número 01/2014. Expte. 2288/440 (884/1101).
- 4.- Proposicións mencionadas no artigo 63 do regulamento do Pleno.**
- 5.- Mocións:**
 - 5.1.- Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao Goberno do Estado a resolver o problema de convalidación dos títulos expedidos nas enxeñerías da Universidade de Vigo. Expte. 859/1101.
 - 5.2.- Moción do grupo municipal do Partido Popular instando á Xunta de Galicia a valorar a atención que se ven prestando ós afectados de lesións medulares na área de Vigo e analizar a viabilidade dunha unidade de seguimento na EOXI de Vigo. Expte. 877/1101.
 - 5.3.- Moción do grupo municipal Socialista, instando ao Goberno do Estado a reconsiderar a aplicación do 21% de IVE para os servizos de peiteado e aplicarlle o tipo reducido do 10%. Expte. 871/1101.
 - 5.4.- Moción do grupo municipal Socialista rexeitando a reforma imposta na Lei

13/2013, de 23 de decembro, reguladora do Factor de Substentabilidade e do Índice de Revalorización do sistema de Pensións da Seguridade Social e demais acordos complementarios. Expte. 882/1101.

5.5.- Moción do grupo municipal Socialista instando ao Goberno do Estado a retirada do Anteproxecto da Lei Orgánica do Poder Xudicial e outros acordos complementarios. Expte. 883/1101

6.- Asuntos ou mocións urxentes.

PARTE DE CONTROL

1.- Toma de coñecemento dos acordos ou resolucións doutros órganos municipais ou de informes ou escritos que así o requiran.

1.1.- Dar conta de resolucións da Alcaldía.

1.2.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as.

1.3.- Dar conta da delegación no Concelleiro Delegado da Área de Fomento das atribucións para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución do expediente "Investimentos de mellora no patrimonio Municipal". Expte. 876/1101

2.- Coñecemento dos informes citados no art. 38.2.m.4º do Regulamento do Pleno.

3.- Comparecencias de membros da Corporación.

4.- Mocións.

4.1.- Moción do grupo municipal do BNG instando ao goberno municipal a facer efectivo o cumprimento de todos os acordos plenarios acadados. Expte. 880/1101.

4.2.- Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal a deseñar unha programación cultural que mostre a dimensión do achado, no ano 1914, do Pergamino Vindel. Expte. 878/1101.

4.a. Mocións urxentes de control do goberno municipal.

5.- Formulación de rogos.

6.- Formulación de preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos **a continuación do Pleno extraordinario convocado para ás nove horas** do día VINTE E OITO, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

am

Vigo, 24 de abril de 2014

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda.